

## PLAN INTEGRAL CONXUNTO DE REHABILITACIÓN: AXUDAS Á REHABILITACIÓN

A Asociación Amigos do Casco Histórico de Betanzos, dentro da súa iniciativa de manter informada á cidadanía das novas relacionadas coa Rehabilitación de inmobles no noso Casco Histórico, lles presenta a continuación unha síntese das axudas anunciadas pola Xunta de Galicia dentro do Plan Integral Conxunto de Rehabilitación e que serán obxecto de convocatoria nos próximos meses <sup>(1)</sup>:

### 1 - Axudas en Área de Rehabilitación do Camiño de Santiago

A Xunta de Galicia establecerá un plan especial de axudas para a rehabilitación de vivendas polas que discorren os diferentes Camiños de Santiago. Por Betanzos discorre o Camiño Inglés, que deberá estar integrado na **Área de Rehabilitación do Camiño de Santiago**.

As axudas consisten en subvencións a fondo perdido de ata **11.600 euros por vivenda**, no que a Xunta de Galicia acadará un 25% do presuposto proxectado, cun máximo de 5.000 euros, e o Ministerio de Vivenda acadará o 50% do presuposto, cun máximo de 6.600 euros. Poderase acceder a un préstamo, sin subsidiación, a un prazo máximo de 15 anos, con 3 de carencia.

Poderán solicitar as axudas os **proprietarios de vivendas** con máis de 10 anos de antigüidade para destinar a residencia habitual e permanente ou alugueiro durante un mínimo de 5 anos.

### 2 - Axudas á rehabilitación de inmobles en conxuntos históricos

A Xunta de Galicia convocará axudas para rehabilitación de vivendas situadas en **conxuntos históricos** como é o Casco Histórico de Betanzos, declarado Conxunto Histórico-artístico e Ben de Interese Cultural.

As axudas consisten nunha subvención a fondo perdido de ata o 50% do presuposto proxectado, cun máximo de **10.000 euros** para rehabilitación e **12.000 euros** para renovación con baleirado interior, financiado en exclusiva pola Xunta de Galicia.

Poderán solicitar as axudas os **proprietarios de vivendas** con máis de 10 anos de antigüidade para destinar a residencia habitual e permanente durante un mínimo de 5 anos. Os propietarios de fóra de Galicia teñen a obriga de residir un mínimo anual de 15 días.

As **axudas** de Área de Rehabilitación do Camiño de Santiago e Rehabilitación de inmobles en conxuntos históricos son **compatibles e acumulables** e poden chegar a **21.600 euros** para rehabilitación e **23.600 euros** para renovación.

A **tramitación** das solicitudes de axudas realizarase a través da **Oficina de rehabilitación**, en Betanzos situada no edificio do Concello na Praza da Constitución, que deberá informar con precisión das peticións e axudar na tramitación das mesmas.

Se queres colaborar coa Asociación Amigos do Casco Histórico de Betanzos, **FAITE SOCIO**:

Podes encontrar información en:

· [www.betanzohistorico.com](http://www.betanzohistorico.com)

· **rúa da pescadería, 8**

**Betanzos, outubro de 2009.**

<sup>(1)</sup> Nota de prensa da Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas do 14 de setembro de 2009.